

4 | AVALIACIÓN PREVIA DA ESTRATEXIA DO PEG 2010-2014

4.1. FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA

Na formulación da estratexia do plan seguiuse unha estrutura metodolóxica baseada na elaboración dunha árbore de eixes e obxectivos, articulada en tres niveis, obxectivo global/eixes de actuación/obxectivos estratéxicos.

Como se amosa a continuación, o plan establece un obxectivo global sobre o que inciden xerarquicamente 5 eixes e 16 obxectivos estratéxicos. Estes obxectivos estratéxicos constitúen o punto de partida para a avaliación da coherencia interna e externa da estratexia de Galicia para o período 2010-2014 e reflectida no plan.

A estratexia está expresada de forma avaliable e comprensible. Cada un dos obxectivos estratéxicos está relacionado directamente cun eixe, a pesar de que, indirectamente, a relación é múltiple.

O obxectivo global do plan estratéxico reside no *“Crecemento sustentable e creación*

de emprego e aumentar a cohesión social e o equilibrio territorial” polo que será necesario, co fin de impulsar o desenvolvemento económico da rexión, traballar en favor dunha correcta implantación das medidas e actuacións previstas no período 2010-2014, así como establecer as sinerxías necesarias cos plans e programas europeos e rexionais.

Para a consecución deste obxectivo global, a Comunidade Autónoma de Galicia propónse 5 eixes, que inciden na política para o crecemento e o emprego sustentable cara ao 2020, reforzar o potencial endóxeno do territorio. Estes eixes complementáanse entre si e inciden nos factores produtivos que impulsan o desenvolvemento económico: o capital humano, o capital físico e o coñecemento, dende a perspectiva da protección ambiental e do equilibrio territorial.

Ademais destes eixes, Galicia establece 16 obxectivos estratéxicos que responden ao

reto de acelerar a saída da crise económica, e arredor dos que se articularán as diferentes actuacións que se porán en marcha.

ÁRBORE DE EIXES E OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS DO PLAN ESTRATÉGICO GALICIA 2010-2014

Obxectivo global: crecemento sostible e creación de emprego e aumentar a cohesión social e o equilibrio territorial		
	Obxectivos estratéxicos	
EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DEVIDA	1.1	Revitalización demográfica, impulsar os nacementos e fomentar a conciliación da vida familiar e laboral
	1.2	Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas
	1.3	Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe
	1.4	Atención ao benestar social
	1.5	Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais
EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECIMENTO E EMPREGO	2.1	Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentar a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria
	2.2	Internacionalizar a economía galega e fomentar o investimento empresarial o espírito emprendedor e a innovación nas empresas
	2.3	Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial
	2.4	Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

Obxectivo global: crecemento sostible e creación de emprego e aumentar a cohesión social e o equilibrio territorial		
EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO	3.1	Construír unha sociedade competitiva e basearse na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento
	3.2	Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, social e dos servizos públicos
EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	4.1	Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida
	4.2	Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio, eliminar as disparidades territoriais e integrar a Galicia como cidade única
	4.3	Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático
EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E PRÓXIMA AO CIDADÁN	5.1	Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizar os recursos materiais e humanos mediante a implantación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizar o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación
	5.2	Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia

Todos os obxectivos estratéxicos están relacionados entre si de forma directa cun dos eixes, a pesar de que algúns deles tamén o están con algún dos outros catro, aínda que non de forma tan directa. A continuación relaciónanse no seu grao máis alto os eixes cos obxectivos estratéxicos:

- O Eixe 1, “Cohesión social, benestar e calidade de vida”, descomponse en cinco dos 16 obxectivos intermedios (1.1, 1.2, 1.3, 1.4 e 1.5).
- O Eixe 2, “Dinamización económica, crecemento e emprego”, “está relacionado en grao alto cos obxectivos estratéxicos 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4.
- Os obxectivos estratéxicos 3.1 e 3.2 inscríbense no marco do Eixe 3 “Economía do coñecemento”.
- Os obxectivos estratéxicos 4.1, 4.2 e 4.3 teñen una relación directa co Eixe 4 “Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial”
- Por último, do Eixe 5 “Administración auster, eficiente e próxima ao cidadán”, derívanse 2 dos obxectivos estratéxicos (5.1 e 5.2).

A correspondencia entre eles ilústrase no plan en forma de árbore de eixes e obxectivos, na que se reflicte a influencia dos diferentes obxectivos estratéxicos sobre os eixes de actuación, de xeito que de cada un dos eixes dependen aqueles obxectivos estratéxicos relacionados de forma máis directa e específica con eles.

Se se analiza a vinculación entre os eixes e os obxectivos estratéxicos do plan estratéxico e se clasifica o grao de correlación entre eles, de incidencia alta, media ou baixa, obsérvase que o Eixe 1 presenta cinco correlacións, e a relación co OE 1.2 (garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas) é a máis destacada.

No Eixe 2, a correlación máis alta correspóndese co OE 2.3 (Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial).

O OE 3.2 (Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, social e dos servizos públicos) presenta a correlación máis alta co Eixe 3.

O Eixe 4, con tres correlacións, ten no OE 4.2 (Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio, eliminar as disparidades territoriais e integrar a Galicia como cidade única) o que presenta a máis alta correlación.

E finalmente o Eixe 5, con dúas correlacións, presenta no OE 5.1 (Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación) a máis destacada.

GRAO DE INCIDENCIA ENTRE EXES E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PEG 2010-2014

EIXES	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS															
	OE 1.1	OE 1.2	OE 1.3	OE 1.4	OE 1.5	OE 2.1	OE 2.2	OE 2.3	OE 2.4	OE 3.1	OE 3.2	OE 4.1	OE 4.2	OE 4.3	OE 5.1	OE 5.2
EIXE 1: Cohesión social, benestar e calidade de vida	X	XXX	XX	X	X											
EIXE 2: Dinamización económica, crecemento e emprego						XX	X	XXX	XX							
EIXE 3: Economía do coñecemento										XX	XXX					
EIXE 4: Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial												XX	XXX	X		
EIXE 5: Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán															XX	X

XXX	Incidenca alta
XX	Incidenca media
X	Incidenca baixa

4.2 ANÁLISE DAFO DOS SECTORES PRODUTIVOS

Previo á análise de coherencia entre a estratexia sectorial definida e o plan estratéxico exponse o resumo da análise DAFO de cada un dos sectores produtivos anteriormente definidos como estratéxicos.

Dentro dos factores de desenvolvemento da estratexia do Plan estratéxico de Galicia 2010-2014, destacan os seguintes sectores:

- Básicos: agroalimentario; forestal; pesca e acuicultura; agricultura; e construción.
- Estratéxicos: construción naval; enerxía; automoción; téxtil, moda e confección; transformación da madeira; turismo; pedras e rochas ornamentais.
- Complementarios: servizos empresariais, transporte e loxística.

A) SECTORES BÁSICOS

SECTOR BÁSICO AGROALIMENTARIO

A modernización do medio rural é de certo un dos retos máis importantes de Galicia nas próximas décadas. É preciso compatibilizar o desenvolvemento competitivo das actividades económicas coa preservación ambiental e conservación do medio natural e encontrar un modelo autosustentable e que lles proporcione benestar e calidade de vida aos habitantes.

Un medio rural moderno, sustentable e competitivo require dunha dinámica demográfica positiva e de niveis de renda semellantes aos dos demais sectores produtivos.

As políticas de desenvolvemento rural deben ser realistas e innovadoras ao mesmo tempo, capaces de ofrecer produtos primarios de calidade e proporcionarlle ao cam-

po rendas complementarias provenientes da transformación de produtos, do turismo, da preservación do medio, etc.

A mellora da calidade de vida no rural esixe o desenvolvemento de políticas de carácter horizontal na educación, cultura, sanidade, vivenda, transporte, acceso ás TIC, etc.

Ademais, é preciso levar a cabo estratexias de mellora da competitividade, modernizando as explotacións e aproximándoas ao espírito de innovación. As actuacións neste sentido encóntranse, polo xeral, inmersas entre as actividades dos organismos e consellerías sectoriais correspondentes, aínda que é necesario facilitar a coordinación das actuacións para obter sinerxías de carácter colectivo.

Definir usos sustentables e excelentes da terra e desenvolver as potencialidades a través da participación e do consenso, co obxectivo de alcanzar un modelo territorial de ordenación produtiva agrícola, gandeira e forestal de ámbito comarcal, que sirva de base e ferramenta para a toma de decisións.

Elaboración de plans rurais comarcais, que a partir das características edafoclimáticas e das aptitudes permitan a especialización das zonas en modelos adaptados á orientación produtiva, transformadora e comercializadora.

A produción integrada, con uso sustentable dos recursos, protexe o medio ambiente e obtén menores custos de produción e proporciona ao mesmo tempo bens públicos ambientais. A agrogandería ecolóxica pro-

teixe ademais a biodiversidade e os recursos renovables.

No sector agroalimentario as debilidades son: a competencia en prezos e a dispersión e reducida dimensión empresarial.

As fortalezas son as seguintes: alimentos de procedencia Galicia como imaxe positiva de calidade e ecoloxía; produtos especialmente acreditados, como a tenreira galega, viños de Galicia; e a existencia de sectores internacionalizados, como o vinícola.

A finalidade é clusterizar a produción industrializada de transformados de carnes; desenvolver a innovación en procesamento, envases e produtos; impulsar a diferenciación: rastrexabilidade e selos de garantía; diversificar os produtos e establecer marcas de calidade; buscar a internacionalización e apertura de novos mercados; o fomentar as producións artesás e as denominacións de orixe.

SECTOR BÁSICO FORESTAL

Tanto dende o punto de vista económico, social ou ambiental o sector forestal revélase básico.

Dúas terceiras partes do territorio de Galicia teñen natureza forestal, sendo a produtividade dos montes galegos a máis alta de Europa. As producións son moi variadas, incluíndo madeiras, biomasa, caza e pesca, e unha importante produción de gandería extensiva.

Os montes veciñais ou en mancomún supoñen máis de 600.000 hectáreas, sendo uns 600.000 os galegos propietarios de algún espazo forestal.

Ademais da xeración de riqueza, a contribución ambiental do sector forestal é moi elevada.

A cadea monte-industria require dun plan de optimización e consolidación da industria forestal, para o que é necesario garantir o abastecemento, do serrado, aumentar a porcentaxe de madeira destinada á serra e a transformación de madeira de calidade, pechando ciclos de produción que contribúan a consolidar o sector.

A sustentabilidade da actividade forestal e o carácter ecolóxico das producións recomendan someterse a protocolos de rastrexabilidade e á identificación dos produtos obtidos a partir de materia prima forestal galega respectuosa co medio.

No sector forestal as debilidades son: a dimensión reducida de gran número de explotacións; a estrutura de propiedade difuminada en moitos casos; a accesibilidade aos montes; e as deficiencias e inadecuacións nas especies.

As fortalezas son: a elevada capacidade produtiva; tradición e aprecio polo monte; os produtos sustentables; e a consideración do sector como estratéxico para a conservación da natureza, para desenvolver unha economía sustentable e de equilibrio territorial.

A finalidade é alcanzar avances bioxenéticos, mellorar as especies e as calidades; racionalizar as explotacións, aumentar os rendementos e planificar a longo prazo; impulsar aplicacións para reciclaxe, biomasa, que valoricen a produción así como a

formación na explotación, conservación de espazos, montes e especies; e concienciar a sociedade da importancia do monte como recurso natural e fonte permanente de riqueza.

SECTOR BÁSICO DA PESCA E ACUICULTURA

A Galicia azul, cunha riqueza de gran capacidade produtiva, competitiva e de gran tradición, agrupa distintas áreas que compoñen no seu conxunto un recurso valioso, pero mellorable.

A situación xeográfica de Galicia e as características de calado dos seus portos constitúen vantaxes que permiten aproveitar as tendencias xerais favorables ao transporte marítimo como fórmula de descompresión do transporte terrestre.

A pesca de grande altura precisa dun esforzo do Goberno central e da Unión Europea ante as organizacións rexionais de pesca (ORG) de loita contra a pesca ilegal tendentes a aplicar os estándares sanitarios, laborais e de seguridade á totalidade das flotas mundiais, reforzar a política de sustentabilidade dos recursos, control de pesquerías, rastrexabilidade, etc.

A dispoñibilidade dunha flota de grande altura potente e competitiva, a través dos programas de renovación, e a xestión de acordos pesqueiros con terceiros países son condicións para garantir a presenza dunha flota galega e europea de importancia.

Galicia pode converter os seus portos en grandes centros de descarga e distribución

da pesca, completar o ciclo dende os procesos extractivos ata a elaboración e distribución aos centros de consumo. Unha estrutura empresarial de comercialización do pescado que potencie e valorice a calidade dos produtos e a excelencia na distribución. Cómpre orientar as axudas públicas a fomentar a xestión emprendedora, o desenvolvemento tecnolóxico dos procesos, e o aseguramento e márketing da comercialización.

A pesca de baixura debe ordenar e xestionar os recursos baseándose na pesca responsable e sustentable, establecer un piair permanente de benestar nas poboacións costeiras que, ao mesmo tempo, poden exercer un importante papel na nuclearización do modelo territorial.

Os recursos pesqueiros deben basearse no equilibrio do ecosistema para a preservación do medio e a permanencia dunha actividade extractiva rendible. Unha maior presenza e participación do sector na utilización da plataforma tecnolóxica da pesca facilitará a toma de decisións.

Unha regulación máis apropiada do sector, as actividades e tecnoloxías, e os criterios para o desenvolvemento profesional da actividade, xunto con mecanismos tendentes a lograr un prezo digno para os peixes e mariscos de Galicia.

A acuicultura debe partir da consolidación da produción e coñecementos actuais, segundo os métodos tradicionais, para potenciar novos sistemas.

Transformar a actividade do marisqueo nunha verdadeira actividade de acuicultura, que abrangue a totalidade das funcións do ciclo de explotación da cada especie.

○ aproveitamento e integración do turismo e das actividades integradas permite, e á vez ten como obxectivos, recuperar e manter o patrimonio vinculado ao mar; xerar fontes complementarias de ingresos ás familias e vilas mariñeiras, aproveitar e enriquecer as experiencias persoais e das administracións, empresas e asociacións de distinta índole.

Pola importancia da actividade, merece unha atención preferente o plan estratéxico para o mexillón, que aumente a calidade e mellore as formas de comercialización, coa finalidade da posta en valor do produto.

Este plan servirá, á vez, de experiencia e guía para o establecemento de plans de produto que poden beneficiarse das experiencias obtidas.

○ aproveitamento das vantaxes do sector necesita dunha actividade de transformación que presente un menor grao de atomización e se integre no emprego da innovación como medio de valorizar o produto e establecer novas fórmulas de comercialización.

I. Pesca de altura e grande altura

- I.1 Propoñerlle ao Goberno central e á Unión Europea unha duración máis duradeira nas decisións de cotas.
- I.2 Evolucionar os sistemas de control dende o control de capturas ao control de esforzo pesqueiro, limitar os tempos de permanencia nos caladoiros, e empregar sistemas alternativos de captura (malla, angazos, zonas de veda, tallas...).
- I.3 Avanzar na definición de un novo modelo de acceso, compra e acumulación dos dereitos de pesca.
- I.4 Ampliar a participación dos sector produtivo no establecemento de criterios sobre cotas nos caladoiros.
- I.5 Potenciar a loita contra a pesca ilegal.
- I.6 Orientación dos fondos de cooperación ao desenvolvemento aos terceiros países nos que existan intereses pesqueiros galegos.
- I.7 Fomentar o desenvolvemento da formación pesqueira en terceiros países.
- I.8 Fomento dos investimentos dos armadores galegos en terceiros países controladores de grandes caladoiros.
- I.9 Desenvolvemento dun modelo de investigación pesqueira global.

- I.10 Impulso da formación marítimo-pesqueira de modo multidisciplinar, e homologación das titulacións marítimo-pesqueiras comunitarias e extracomunitarias.

2. Pesca de baixura

- 2.1 Impulso á constitución de canles comercializadoras constituídas por as confrarías e organizacións de produtores.
- 2.2 Propiciar a profesionalización da xestión, comercialización e adaptación das estruturas polas confrarías.
- 2.3 Mellora no estudo e coñecemento dos mercados de produtos de baixura, que facilite a definición de oferta e servizos, e a comercialización e márketing.
- 2.4 Reforzar a especialización dos portos de baixura, que racionalice as infraestruturas e equipamentos nas lonxas, así como os servizos de subministración dos buques pesqueiros e deportivos.
- 2.5 Control do esforzo e protección dos recursos.
- 2.6 Innovación en equipos e tecnoloxía de procesado, conservación, presentación e comercialización.
- 2.7 Favorecer a convivencia ordenada e a integración das actividades da pesca de baixura coas actividades

náuticas de recreo e turismo, ordenar os controis e mellorar a ordenación dos peiraos.

- 2.8 Establecemento de estratexias de mercado diferenciadoras dos produtos galegos baixo as premisas de respecto ambiental e calidade do produto.

3. Acuicultura

- 3.1 Incremento das calidades.
- 3.2 Posta en marcha de novos sistemas de transformación.
- 3.3 Apoio ao asociacionismo e desenvolvemento de formas organizativas de maior tamaño e capacidade de decisión.
- 3.4 Organización de clúster do sector.
- 3.5 Impulso dun centro tecnolóxico que coordine e lles dea prioridade ás actuacións de I+D+i en novas técnicas de cultivo, deseño de instalacións, control de toxinas, uso de materias primas, presentacións comerciais, melloras da cadea produtiva, sanidade, interacción entre especies etc.
- 3.6 Dotación aos produtos da acuicultura dunha marca común como produtos de orixe galego, e de denominacións de orixe protexidas.
- 3.7 Establecemento de marcas de calidade e de garantía.

- 3.8 Ordenación de usos do litoral para facilitar a instalación de acuicultura sustentables. E xeradoras de emprego e riqueza.

- 3.9 Apoio aos proxectos de garantía de semente de especies de mariscos.

- 3.10 Apoio e divulgación de manuais de explotación e métodos de traballo.

- 3.11 Recuperación de zonas costeiras actualmente improdutivas susceptibles de produción marisqueira.

- 3.12 Incremento da produtividade das zonas, mediante mecanización de limpeza de algas, descompactación de substratos...

- 3.13 Loita contra o furtivismo

- 3.14 Promoción do emprego das tecnoloxías da información e da coordinación das investigacións.

4. Apoio á transformación de produtos do mar:

- 4.1 Aumento da competitividade das empresas, aumentar a dimensión web e orientalas á competitividade e aos mercados exteriores.

- 4.2 Impulso ao desenvolvemento tecnolóxico no sector e á innovación en produto nas empresas que permitan a incorporación de procesos con maior valor engadido.

4.3 Apoio ás accións de mellora da organización e xestión empresarial.

4.4 Mellora dos aspectos ambientais e de xestión de residuos.

5. Seguridade e vixilancia.

5.1 Potenciación do Servizo Galego de Gardacostas, asumir as funcións de control e salvamento marítimos e desempeñar outras funcións complementarias de utilidade para as industrias e o sector.

5.2 Creación da escola de gardacostas de Galicia, con plans de formación continua e apoio aos traballos de investigación do sector e aos servizos auxiliares de gardacostas.

5.3 Creación dunha unidade de mergullo especializada en control e salvamento.

5.4 Elaboración de plans de continxencia para os accidentes marítimos.

5.5 Medidas disuasorias do paso de buques con niveis subestándares de seguridade.

6. Investigación mariña e formación.

6.1 Unificación das liñas estratéxicas de I+D+i no sector; dentro do Plan galego de I+D+i.

6.2 Convenios de colaboración cos centros de investigación para atender

obxectivos específicos, posibilitar unha carreira profesional ampla e a concorrencia de persoal investigador.

6.3 Coordinación dos ensinos náutico-pesqueiro-marítimos e ofrecer unha proposta formativa unificada, con alternativas de promoción, e regulado dentro do catálogo nacional de cualificacións.

6.4 Colaboración coa Armada para formación e intercambio de profesionais e aproveitamento de infraestruturas.

6.5 Potenciación da formación profesional regrada para redeiros, carpinteiros de ribeira, e das ramas de formación vinculadas á acuicultura.

6.6 Potenciación da formación a distancia dos profesionais da pesca e das confrarías como medio de reciclaxe e formación continuada.

7. Fomento do turismo e das actividades de lecer e culturais.

7.1 Levar a cabo un inventario patrimonial e dos bens intanxibles ligados ao mar en Galicia.

7.2 Avanzar no concepto e experiencia do turismo integrado vinculado ao mar.

7.3 Lanzamento dunha marca de imaxe para as actividades turísticas do mar.

- 7.4 Actuacións de valorización dos recursos e infraestruturas do mar: museos, lonxas, acuarios, fábricas conserveiras, carpinterías de ribeira, embarcacións etc.
- 7.5 Fomento da compatibilización nos portos das actividades pesqueiras e as náutico-deportivas e estimular a formación de sección específicas no seo das confrarías de pescadores.
- 7.6 Desenvolvemento nos portos de servizos complementarios de utilidade común, como mantemento, subministracións, alugamento de embarcacións etc.
- 7.7 Apoio ás infraestruturas hoteleiras e de aloxamento.
- 7.8 Desenvolvemento de plans de formación para o turismo marítimo.

No sector da pesca e acuicultura as debilidades son: o esgotamento dos recursos; as dificultades de acceso a caladoiros; o abandono xeracional; e a reducida incorporación de valor:

Como fortalezas se consideran as seguintes: forte tradición e experiencia; empresas líderes en todos os niveis; capacitación e cualificación profesional; e o coñecemento dos caladoiros e mercados.

A estratexia no sector pasa por reforzar o asociacionismo e a cooperación empresarial e artesanal; a sustentabilidade dos recursos e das explotacións: acuicultura; a

valorización e diferenciación do produto. Rastrexabilidade; a exploración de novos mercados; a diversificación de especies e cultivos na acuicultura; a busca da calidade. Trátase tamén de impulsar a especialización dos portos nas distintas escadas; as investigacións e actividades de exploración oceanográfica, e aplicación ás explotacións; e de potenciar a relación con outros sectores, como farmacoloxía, nutrición e biomedicina.

SECTOR BÁSICO DA AGRICULTURA

No sector agricultura, a finalidade é reforzar a competitividade: adaptar as explotacións, incorporar valor engadido pola vía da calidade, seguridade alimentaria e rastrexabilidade e diversificar os produtos e impulsar a apertura de mercados. Trátase de garantir una produción sustentable; desenvolver políticas agrarias que non distorsionen a competencia; establecer e reforzar as políticas de desenvolvemento do medio rural acordadas coas de apoio á agricultura e ao sector agroalimentario; impulsar a substitución xeracional, as políticas territoriais de inmigración e os mecanismos de estabilidade de prezos: financeiros, seguros, e mercados de materias primas.

As debilidades son: explotacións dispersas e de reducidas dimensións; a excesiva dependencia dos insumos; a concentración en produción de escaso valor engadido; e o abandono das terras.

As fortalezas son: posibilidade de diversificación; medio natural favorable; produtos con prestixio, calidade e sanidade; e a complementariedade con outras actividades.

SECTOR BÁSICO DA CONSTRUCCIÓN

No sector da construción a finalidade é alcanzar rehabilitacións de calidade, así como vivendas máis ecolóxicas e enerxeticamente eficientes; búscase unha orientación cara á eficiencia e sustentabilidade ambiental, aumentar o compromiso coa preservación da paisaxe e o respecto ao medio natural. Perséguese o clúster da construción responsable ambientalmente, e a rehabilitación e aproveitamento enerxético das edificacións; as sinerxías coas actividades enerxéticas, de conservación ou valorización turística; as sinerxías cos sectores galegos de referencia en madeira ou pedras ornamentais; e a internacionalización dos materiais de construción galegos e das súas empresas de servizos.

As debilidades son: a pouca atención á eficiencia; a desorde urbanística; a desatención de aspectos ambientais; a crise sectorial de oferta; e a reducida dimensión.

As fortalezas son: a consideración de sector tradicional; as vantaxes de situación, de non deslocalización; a gran potencialidade de emprego; a reorientación cunha construción máis sustentable e responsable ambientalmente; a boa calidade dos materiais tradicionais galegos e a técnica dos profesionais.

B) SECTORES ESTRATÉGICOS

SECTOR EXTRATÉGICO DE CONSTRUCCIÓN NAVAL

As potencialidades do mar en actividades non soamente pesqueiras, mediante unha especialización da oferta portuaria, coa

colaboración do sector produtivo privado nos investimentos e xestión dos portos, na procura dun aproveitamento máximo dos espazos e dos tempos de funcionamento.

Tamén se propicia unha especialización da oferta: Ferrol, en estaleiros públicos, de gran tamaño e con inclinación ao sector militar; ampliar a actividade cara a construción naval civil; Vigo, estaleiros privados de tamaño mediano, consolidado no sector privado.

O reforzo do clúster do sector naval, aumentar a dimensión e implicación dos axentes, e contribuír a poñer en marcha novos proxectos dinamizadores, completárase cunha unificación dos servizos que se prestan no mar mellorarán a xestión ambiental e a seguridade.

Finalmente, Galicia pode ser un referente na I+D+i e nos servizos técnicos mariños.

No sector estratéxico construción naval as debilidades son: o custo e a limitación da capacidade.

As fortalezas son: a tradición; o sector de empresas auxiliares desenvolvido; a complementariedade con sectores tradicionais pesca e acuicultura; e a situación estratéxica no Atlántico.

A finalidade do sector pasa pola diversificación e especialización: pesca, deportivo, mercante, plataformas; o deseño e innovación: hidráulica, pneumática e subministracións e servizos; a orientación á exportación; a diversificación cara a servizos e reparacións complementarios; a electrónica,

eficiencia enerxética e de consumo; e o posicionamento nas redes de tráfico marítimo.

SECTOR ESTRATÉXICO DA ENERXÍA

No sector estratéxico enerxía a finalidade é desenvolver o clúster das enerxías renovables e da industria ambiental e promover a internacionalización, apoiándose nas experiencias coñecidas.

As debilidades son: a perda de emprego por cesamento na actividade de extracción de lignito; e o cumprimento do Protocolo de Kioto, que impide continuar as actividades contaminantes de xeración de enerxía.

As fortalezas do sector son: as condicións naturais de Galicia para as enerxías renovables; a potencialidade en xeración de novas industrias e traballos; e a existencia de empresas destacadas en renovables.

SECTOR ESTRATÉXICO DA AUTOMOCIÓN

No sector estratéxico automoción a finalidade é reforzar as infraestruturas e a loxística de apoio; potenciar a capacidade exportadora dos provedores; incrementar a formación do persoal; impulsar a innovación nas empresas auxiliares proveedoras de equipos, compoñentes e sistemas electrónicos e informáticos; reforzar a cooperación para o destino e innovación tecnolóxica; buscar a innovación e a eficiencia enerxética e impulsar a tecnoloxía para a fabricación do vehículo eléctrico, o centro de homologación do automóbil e a implantación dun sistema de *lean productivy* entre os ensambladores e a industria auxiliar.

As debilidades son: o sector está en proceso de concentración; a competencia existente en custes de produción; o risco de deslocalización; e a diminución en termos absolutos de competitividade global.

As fortalezas son as seguintes: a existencia da empresa líder Peugeot-Citröen; a pemes subministradoras eficientes; a existencia de infraestruturas de apoio; a competitividade exterior; a existencia dun clúster sectorial moi fortalecido; e o liderado de exportacións galegas.

SECTOR ESTRATÉXICO DO TÉXTIL, MODA E CONFECCIÓN

No sector estratéxico téxtil, moda e confección, a finalidade é incluír a innovación e tecnoloxía en novos materiais e compoñentes tecnolóxicos avanzados nos produtos; estreitar a clusterización, con provedores e servizos avanzados; desenvolver centros de formación específicos e ramas especiais do ensino; aumentar a I+D+i no sector; gañar en internacionalización e competitividade nos mercados exteriores; e avanzar na cooperación e en loxística integrada.

As debilidades son: sector maduro, e elevado grao de competencia; riscos altos de deslocalización; e limitada formación especializada en accións de alto valor engadido.

As fortalezas do sector son: a crecente importancia do deseño; a tradición da industria galega; e o coñecemento de mercados e experiencia internacional.

SECTOR ESTRATÉGICO DE TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA

No sector estratéxico transformación da madeira, a estratexia no sector promove a investigación e desenvolvemento de tratamentos, produtos e usos potenciais da madeira e os seus derivados; a formación especializada en todos os niveis educativos e reciclaxe continua dos traballadores do sector; o reforzo nos aspectos de calidade e deseño; o desenvolvemento dunha industria da reciclaxe sustentada pola madeira como primeira materia; e o Plan estratéxico do sector do moble galego.

As debilidades son: o escaso valor engadido; a competencia de prezos e calidades; a atomización do sector; a excesiva dependencia dos monocultivos con pouco valor engadido; e a debilidade da industria do moble.

As fortalezas son: a tradición no tratamento; a existencia de empresas punteiras; a tendencia a materiais renovables e produtos naturais; e a complementariedade territorial.

SECTOR ESTRATÉGICO DO TURISMO

No sector estratéxico turismo, a finalidade do sector é o esforzo e especialización da oferta no turismo náutico, rural, e do Camiño; a mellora xeral da imaxe e dos servizos prestados; o reforzo das calidades de natureza, calidade de produtos, non saturación, paisaxe e cultura, ou patrimonio; a promoción e mellora da oferta: innovación e aplicación de TIC; e a potenciación da oferta turística galega nos circuitos internacionais.

As debilidades son: a baixa especialización dos establecementos, agás nos núcleos urbanos e as carencias de calidade e calidade/prezo.

As fortalezas son: o potencial baseado na natureza e diversidade e as posibilidades crecentes no turismo interior e nacional.

SECTOR ESTRATÉGICO DA PEDRA E ROCHAS ORNAMENTAIS

No sector estratéxico pedra e rochas ornamentais, a estratexia do sector pretende o reforzo da tecnoloxía aplicada para a ganancia de produtividade e mellora das calidades; o impulso do Plan estratéxico da internacionalización; o desenvolvemento de novos produtos adaptados á continua variabilidade da demanda interna e externa; a mellora na loxística de transporte; a posibilidade de desenvolver unha industria auxiliar: empresas de servizos e maquinaria; e o tratamento e aproveitamento dos residuos, así como o desenvolvemento da industria de reciclaxe.

As debilidades son: a competencia de prezos e a globalización; a excesiva concentración en poucos mercados e a dependencia do sector da construción.

As fortalezas son: a tradición de extracción e elaboración; os produtos prestixiados; os materiais nobres e respectuosos no plano ambiental; a experiencia internacional e a existencia de empresas punteiras.

C) SECTORES COMPLEMENTARIOS

SECTOR COMPLEMENTARIO DE SERVICIOS EMPRESARIAIS

No sector complementario de servizos empresariais, a estratexia é axudar a satisfacer as necesidades empresariais en materia de innovación tecnolóxica e organizativa, internacionalización, acceso a recursos financeiros, servizos tecnolóxicos e de asesoría etc., para fortalecer a súa competitividade. Tamén trata de adoptar modelos de reorientación empresarial na procura da competitividade; e de impulsar os servizos de acompañamento integral e continuado aos emprendedores co obxecto de reducir as porcentaxes de mortalidade.

As debilidades son: o déficit de solo industrial; as dificultades do acceso ao crédito; a excesiva burocratización para a constitución dunha empresa; e a aversión ao risco empresarial.

As fortalezas son as seguintes: os instrumentos de cooperación entre institucións e empresas; e as iniciativas emprendedoras.

SECTOR COMPLEMENTARIO DO TRANSPORTE E LOXÍSTICA

No sector complementario do transporte e loxística, a finalidade é a promoción do transporte público eficiente; o esforzo intenso na intermodalidade e complementariedade dos medios de transporte; o impulso da necesaria coordinación entre a loxística portuaria, ferroviaria, aeroportuaria e terrestre; a racionalización do solo industrial en locacións, equipamentos, especialización e integración en "rede"; e a potencialidade da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal en tamaño de mercado e volume "crítico" para o desenvolvemento de infraestruturas loxísticas. Impulsarase, así mesmo, o reforzamento dos portos e as infraestruturas portuarias, e as autoestradas do mar.

As debilidades son: a atomización e a falta de coordinación e visión integral.

